

Tendo en conta as obrigas dimanantes dos contratos subscritos por vostedes coa Xunta de Galicia e de acordo co establecido no artigo 142 do Regulamento en relación co artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común concédeselles un prazo de dez días hábiles para que se poñan ao día nas súas obrigas, ou comparezan na delegación provincial, en trámite de audiencia para os efectos de presentar os documentos e xustificacións que estimen convenientes ao seu dereito.

En caso contrario procederáse á resolución dos seus contratos que se acordará no expediente de desafuzamento ou, de ser o caso, execución hipotecaria, iniciado co presente documento, e que rematará co conseguinte lanzamento da vivenda, para a súa posterior adxudicación a outro beneficiario, expido, asino e selo esta cédula na Coruña, 11 de marzo de 2008.

Xoán Carlos Bascuas Jardón  
Delegado provincial da Coruña

#### ANEXO

Isabel García Fernández e outros.  
Expediente: C-82/050 (F.P. 63/08).  
Conta: 3.

Alcalde Pérez Ardá, nº 14, P-1, 2º esq. (A Coruña).  
Importe débeda: 4.995,60 €.

*Cédula do 13 de marzo de 2008, da Delegación Provincial da Coruña, de notificación de requirimentos de pagamento aos debedores que se relacionan. (Expediente C-82/030, conta 94 e tres máis).*

En cumprimento do disposto no artigo 59 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e de conformidade co establecido no artigo 30.1º do texto refundido de VPO, Real decreto 2960/1976, do 12 de novembro, e no punto primeiro do artigo 138.1º do Regulamento de VPO, Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, en relación coa Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia, notifícaselles aos interesados cos datos e enderezo (identificado por número de expediente e conta) que a continuación se relacionan, os requirimentos de pagamento dos recibos pendentes e que ascenden ás cantidades que se sinalan, facéndolles constar que se irán incorporando ao total da débeda os posteriores vencementos que resulten impagados e que lles serán reclamados por todos os medios legais.

Tendo en conta as obrigas dimanantes dos contratos subscritos por vostedes coa Xunta de Galicia e de acordo co establecido no artigo 142 do Regulamento en relación co artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13

de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común concédeselles un prazo de dez días hábiles para que se poñan ao día das súas obrigas, ou comparezan na delegación provincial, en trámite de audiencia para os efectos de presentar os documentos e xustificacións que consideren convenientes ao seu dereito.

En caso contrario procederáse á resolución dos seus contratos que se acordará no expediente de desafuzamento ou, de ser o caso, execución hipotecaria, iniciado con este documento, e que rematará co conseguinte lanzamento da vivenda, para a súa posterior adxudicación a outro beneficiario, expido, asino e selo esta cédula na Coruña o 13 de marzo de 2008.

Xoán Carlos Bascuas Jardón  
Delegado provincial da Coruña

#### ANEXO

Mª Teresa Amado Pombo e outros.  
Expediente: C-82/030 (F.P. 72/08).  
Conta: 94.

Rafael Alberti, nº 10-3º B (A Coruña).  
Importe débeda: 11.406,65 €.

Mª Isabel Franco Abuin, José Carlos García Rey e outros.  
Expediente: C-82/030 (F.P. 73/08).

Conta: 111.  
Rafael Alberti, nº 8-1º C (A Coruña).  
Importe débeda: 11.000,85 €.

José A. González Cedeño, Mª Mercedes López e outros.  
Expediente: C-82/030 (F.P. 78/08).

Conta: 160.  
Rafael Alberti, nº 4-1º D (A Coruña).  
Importe débeda: 3.449,60 €

José M. Pasín Franco, Matilde Prieto Torrente e herdeiros.  
Expediente: C-1-CD/79 (F.P. 85/08).

Conta: 135.  
Glasgow, nº 14-4º A (A Coruña).  
Importe débeda: 7.666,41 €.

#### AUGAS DE GALICIA

*Resolución do 10 de abril de 2008 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso con procedemento aberto, da contratación da consultoría e asistencia para a realización dun estudo sobre a problemática de eutrofización e proliferación de cianobacterias no encoro do río Umia.*

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: organismo autónomo Augas de Galicia.

b) Dependencia que tramita o expediente: Contratación.

c) Número de expediente: OH688237AT.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: estudo sobre a problemática de eutrofización e proliferación de cianobacterias no encoro do río Umia.

b) Lugar de entrega: Servizos Centrais de Augas de Galicia.

c) Prazo de execución (meses): dezaioito (18).

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación. Importe total: cento setenta mil oitocentos trinta e un euros con setenta e seis céntimos (170.831,76 €).

5. Garantía provisional: tres mil catrocentos deza-seis euros con sesenta e catro céntimos (3.416,64 €), 2% do orzamento de licitación.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: organismo autónomo Augas de Galicia.

b) Enderezo: praza Camilo Díaz Baliño, nº 7-9.

c) Localidade e código postal: 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

d) Teléfono: 981 54 49 95 ou 981 54 45 58.

e) Telefax: 981 95 75 99 ou 981 54 16 76.

f) Data límite de obtención de documentos e información: o décimo quinto día natural contado a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, ás 14.00 horas.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación, se é o caso: non se exige.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: a solvencia económica e financeira acreditarase polos medios establecidos no artigo 16.1º, letra a), do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño); a solvencia técnica e profesional acreditarase polos medios establecidos no artigo 19, letras a), e) e f) da mesma lei.

8. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o décimo quinto día natural contado a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, ás 14.00 horas.

b) Documentación que hai que presentar: a establecida no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: no rexistro xeral do organismo autónomo Augas de Galicia. Tamén por correo, segundo o disposto no artigo 80.4º do regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas; neste caso o licitador deberá anunciarlle ao órgano de contratación, no mesmo día da imposición, mediante telegrama ou fax, o envío da documentación para concorrer ao concurso.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: tres (3) meses.

e) Admisión de variantes: non se admiten.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Augas de Galicia.

b) Enderezo: praza Camilo Díaz Baliño.

c) Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña).

d) Data: 2 de xuño de 2008.

e) Hora: 11.30 horas.

10. Outras informacións.

Garantía definitiva: 4% do orzamento de licitación.

Apertura do sobre A: terá lugar a apertura do sobre A (documentación persoal) o día 27 de maio de 2008, ás 11.30 horas, na sala de xuntas de Augas de Galicia.

11. Gastos de anuncios: serán por conta do adxudicatario.

12. Portal informático ou páxina web onde figuran as informacións relativas á convocatoria ou onde poden obterse os pregos: [www.xunta.es/contratacion](http://www.xunta.es/contratacion).

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2008.

P.D. (Orde 24-10-2007; DOG nº 212, do 2 de novembro)

José Luis Romero Valeiras

Director xeral do organismo autónomo Augas de Galicia

## AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

*Corrección de erros.-Resolución do 9 de abril de 2008 pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación dun servizo de operación no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.*

Advertido erro na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 70, do venres